



[Home Page](#) > [municipios](#) > [Redondela](#)

Un largometraje galego cerra as xornadas do "Real Galician Cinema"

30-11-2007

Hoxe remata a terceira edición das xornadas "Real Galician Cinema" organizadas pola Concellería de Normalización Lingüística. Nestas xornadas estanse a amosar algúns dos máis salientables traballos de creación audiovisual feitos en Galiza, e, ao mesmo tempo, ten lugar un encontro dos seus creadores co público de Redondela.

Contarase coa presenza de Alberte Pagán, que presentará o su traballo documental "Bs. As." (Buenos Aires), que está a ter unha importante acollida e recoñecemento. Recibiu o premio Cine-Ensaio Román Gubern en Barcelona e o Premio Foco Galicia no Play-Doc en Tui, ambos os dous no presente ano.

Alberte Pagán é un importante creador do cine independente galego nacido no Carballiño. Ten dirixido películas, escrito guións e publicados varios traballos teóricos sobre o cinema underground estadounidense, o cinema de Andy Warhol e tamén, no eido da literatura, sobre unha das novelas de James Joyce.